

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE NOVEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Tui de estradas e treitos de estradas da Deputación Provincial de Pontevedra e da estrada RI-01066 de titularidade municipal a prol da Deputación Provincial de Pontevedra.

##### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se regula o Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal e se crea o comité asesor do programa.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Sistema público de saúde de Galicia, para o ano 2023.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Fundación Catedral e a SAMI Catedral de Santiago de Compostela para o apoio e reforzo da seguridade no complexo catedralicio, por importe total dun millón vinte e cinco mil catrocentos vinte e oito euros con oitenta e catro céntimos (1.025.428,84 €).

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Facenda e Administración Pública para subscribir e desembolsar accións da Sociedade para o Aproveitamento Sostible de Recursos Naturais de Galicia RDG, S.A., por importe de catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida, co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para o fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación no marco da RIS3 Galicia 2021-2027, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europa no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2024 mediante a tramitación como anticipado de gasto, por importe de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a excepciónar os beneficiarios da presentación de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes) e se realiza a súa convocatoria para o ano 2024, mediante tramitación como anticipo de gasto, en réxime de concorrència non competitiva, e a subscripción do dito convenio, por un importe total de once millóns setecentos mil euros (11.700.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo y Científico entre España y los Estados Unidos de América en materia de cultura, por un importe total de douscentos setenta e cinco mil novecentos trinta euros (275.930,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a reserva e ocupación de prazas para a prestación de servizos de atención diúrna e atención residencial para persoas dependentes con dano cerebral adquirido no período 2024-2028. Importe do orzamento: quince millóns cento seis mil setecentos cinco euros con cincuenta e dous céntimos (15.106.705,52 €). Valor estimado: cincuenta e catro millóns cento sete mil cincocentos corenta e sete euros (54.107.547,00 €). Tramitación anticipada do gasto.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para eximir da constitución de garantías e superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados do Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia, Bono consolida economía social, e se realiza a súa convocatoria para a anualidade 2024, por un importe total de dous millóns setecentos trinta mil euros (2.730.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se amplía o crédito orzamentario existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 14 de xuño de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023. Importe total: un millón cincocentos oitenta mil euros (1.580.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 80 %, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2024 e 2025, por un importe total de seiscentos noventa mil euros (690.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para realizar pagamentos á conta en contía superior á establecida no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para os investimentos para elaborar e comercializar produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2024. Tramitación anticipada. Importe total: catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación pola Consellería do Medio Rural, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da subministración mediante arrendamento, na modalidade de renting, de 158 vehículos todoterreo para as brigadas de bombeiros forestais dos distritos, con labores de prevención e defensa contra incendios forestais, e para a Unidade de Directores de Extinción (Udex) durante os anos 2024, 2025, 2026 e 2027. Tramitación anticipada de gasto, polo importe de licitación de nove millóns doce mil quince euros con quince céntimos (9.012.015,15 €) con IVE, e cun valor estimado (posibles prórrogas incluídas) de doce millóns catrocentos trece mil douscentos corenta e catro euros (12.413.244,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias, por un importe total de nove millóns novecentos vinte e cinco mil euros (9.925.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os concellos de Ordes e Frades para realizar obras de infraestrutura rural por un importe total de trescentos dezasete mil catrocentos euros con sesenta e un céntimos (317.400,61 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para realizar obras de infraestrutura rural, por un importe total de trescentos vinte e un mil cincocentos trinta e catro euros con oitenta e sete céntimos (321.534,87 €), tramitado como anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Universidade da Coruña e a súa fundación (FUAC) para continuar co desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia-horizonte 2030 (Pcuma), por un importe total de douscentos noventa e dous mil oitocentos noventa e nove euros con corenta e dous céntimos (292.899,42 €), tramitado como expediente de gasto.

### **INFORMES**

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre o catálogo de axudas en materia de vivenda 2024.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe sobre a proposta para habilitar un eixe único libre de peaxe. Autoestrada Santiago-Ourense.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE TUI DE DISTINTOS TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS E O CAMBIO DE TITULARIDADE DUNHA VÍA MUNICIPAL Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

- Transfírense á entidade local os treitos das vías provinciais de acceso á Igrexa de Caldelas e a Malvas, respectivamente; un treito de 170 metros da EP-2502 Cerquido-Ribadelouro; e un treito antigo desta última vía, de 106 metros de lonxitude
- Inclúese tamén o cambio de titularidade a prol do organismo provincial da vía municipal RI-01066, de 275 metros de lonxitude
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten, entre as súas funcións, a de tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello de Tui de distintos treitos de estradas provinciais, ao tempo que autorizou o cambio de titularidade dunha vía municipal a prol da Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello de Tui e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga mutua de solicitar a transferencia de titularidade destas vías.

Concretamente, transfírense a prol do Concello os treitos das vías provinciais da EP-3004 e da EP-3002, de acceso á igrexa de Caldelas e a Malvas, respectivamente; o treito de 170 metros de lonxitude da estrada EP-2502 Cerquido-Ribadelouro, desde o punto quilométrico 1+970 ao 2+140; e tamén se transfírense o treito antigo da EP-2502 Cerquido-Ribadelouro, de 106 metros de lonxitude, situado á altura do quilómetro 2+270, marxe dereita.

Neste acordo inclúese, ademais, o cambio de titularidade a prol da Deputación Provincial de Pontevedra da vía municipal do Concello de Tui denominada RI-01066, de 275 metros de lonxitude, que ten o seu inicio no quilómetro 1+970 e remata no 2+140 da EP-2502.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade destes treitos.

As transferencias a prol do Concello de Tui e do organismo provincial tramítanse de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a de tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Tui e a Deputación Provincial de Pontevedra terán a competencia para actuar nestas vías e asumen a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DE 34 ENFERMIDADES XENÉTICAS, ENDÓCRINAS E METABÓLICAS EN PERÍODO NEONATAL**

- Galicia conta coa carteira de cribado neonatal máis ampla de todo o Sistema nacional de saúde, que marca sete enfermidades na carteira básica
- A taxa de participación nos cribados é do 99 % e, desde o ano 2000, diagnosticáronse 647 patoloxías
- Desde a incorporación este ano de tres novas enfermidades, foron detectados dous casos de atrofia medular espiñal (AME), que están en tratamento
- Créase igualmente o comité asesor do programa para avaliar os seus resultados e propoñer a incorporación de novas enfermidades

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou o Decreto polo que se regula o Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal, que ascenden a 34, e polo que se crea o comité asesor do programa.

Desta forma, Galicia mantén a máis ampla carteira de cribado neonatal de todo o Sistema nacional de saúde, que unicamente marca sete enfermidades na carteira básica. Con ela, desde o ano 2000 ata o peche de decembro de 2022, participaron nos cribados 449.109 neonatos, que representan unha taxa do 99 %, e foron diagnosticadas 647 enfermidades (212 hipotiroidismo conxénito, 40 fenilcetonurias, 52 fibroses císticas e 343 metabólicas).

Como ampliación da carteira de servizos galega, no mes de maio deste ano incorporouse a detección precoz da atrofia medular espiñal (AME), inmunodeficiencia combinada grave (IDCG) e hiperplasia suprarrenal conxénita (HSC). Desde ese momento, dous bebés foron diagnosticados de AME e comezaron o tratamento, o que pode supoñer un grande avance para a súa calidade de vida.

Para valorar o funcionamento deste programa de cribado e as posibles modificacións que se consideren oportunas con base na evidencia científica, o Consello da Xunta tamén aprobou a creación dun comité asesor formado pola titular da Dirección Xeral de Saúde Pública, persoal do programa de cribados poboacionais, representación da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, representación da unidade de avaliación de tecnoloxías sanitarias en Galicia, persoal facultativo especialista en pediatría das unidades de maternidade de centros do Sergas, unha persoa da área de coñecemento de Pediatría da Universidade de Santiago de Compostela e persoal facultativo do laboratorio de metabolopatías do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), laboratorio de referencia para a realización das probas deste cribado neonatal.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, este comité asesor será desde a entrada en vigor do novo decreto o encargado de propoñer, baseándose nos datos epidemiolóxicos e na evidencia científica dispoñible, a incorporación de novas patoloxías ao programa ou a eliminación dalgunha das actuais. Como mínimo, o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta prevé que, no prazo de cinco anos desde a súa entrada en vigor, o comité asesor se pronuncie sobre a pertinencia de manter no programa de cribado neonatal as 34 enfermidades que o conforman actualmente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA SALIENTA O REFORZO E ESTABILIDADE DA XUNTA PARA O PERSOAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE COA APROBACIÓN DUNHA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 1.207 PRAZAS**

- A OPE 2023 aprobada hoxe polo Consello da Xunta recolle 168 prazas de persoal licenciado sanitario, 958 de diplomado sanitario e de formación profesional e 81 de xestión e servizos
- A resolución de procesos selectivos previos traducíuse este 2023 na toma de posesión de 1.138 profesionais do Sergas
- O decreto que aproba a oferta de emprego público reserva 61 prazas para persoas con discapacidade xeral e 33 para profesionais con discapacidade intelectual

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou o reforzo e estabilidade do persoal do Servizo Galego de Saúde que supón a aprobación hoxe por parte do Consello da Xunta da oferta de emprego público (OPE) 2023, que contará con 1.207 prazas, distribuídas en 168 prazas de persoal licenciado sanitario, 958 de diplomado sanitario e de formación profesional e 81 de xestión e servizos.

Segundo precisou o mandatario galego, a oferta de 168 prazas de persoal médico na categoría de licenciado sanitario comprende 121 de medicina de familia, 35 de urxencias hospitalarias e 12 de hospitalización a domicilio. As 958 prazas de diplomatura sanitaria e de formación profesional divídense en 818 de enfermaría, 121 de técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico, 11 de técnico superior en dietética e 8 de anatomía patolóxica e citoloxía. Por último, apuntou que das 81 prazas da categoría de xestión e servizos, 37 correspóndense a persoal de traballo social, 33 de auxiliar de función administrativa, 5 de xestión da función administrativa, 2 do grupo técnico da función administrativa e 4 de técnico superior en prevención de riscos laborais.

Rueda salientou que a OPE de 2023 conta con 61 prazas reservadas a persoas con discapacidade xeral e, como novidade, o decreto da oferta de emprego público recolle a concentración da reserva de prazas de discapacidade intelectual no grupo auxiliar da función administrativa e, polo tanto, as 33 prazas ofertadas estarán reservadas para as persoas con este tipo de discapacidade.

O presidente da Xunta lembrou que desde o ano 2012 ofertáronse case 12.500 prazas en diferentes categorías, ás que agora se lle suman as 1.207 convocadas nesta OPE 2023.

#### **Toma de posesión de máis dun milleiro de profesionais**

Coa resolución dos últimos procesos selectivos, ao longo deste ano incorporáronse 1.138 profesionais ao cadro de persoal fixo das institucións sanitarias galegas. Deles, 459

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

correspóndense á resolución do concurso de méritos de estabilización na categoría de enfermaría.

Ademais, este 2023 realizáronse exames de oposición para a convocatoria de 2.541 prazas de persoal estatutario nas categorías de enfermeiro/a, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría e persoal de servizos xerais. Así mesmo, tamén se realizaron os exercicios para a cobertura de 96 prazas en diversas clases de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e Administración sanitaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA EN PRETO DE 300.000 EUROS O REFORZO DA SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESOS NA CATEDRAL DE SANTIAGO E NA OFICINA DO PEREGRINO**

- O aumento de peregrinos e visitantes e a apertura do novo circuíto de abrazo ao Apóstolo implicou a contratación de máis persoal por parte do conxunto catedralicio
- O Consello da Xunta aproba unha addenda ao convenio vixente que eleva a contía económica a 1 M€ para dar resposta ás necesidades actuais

O Consello da Xunta aprobou hoxe incrementar en preto de 300.000 euros a axuda que este ano lle outorga a Xunta de Galicia ao conxunto catedralicio de Santiago de Compostela para a seguridade e o control de accesos tanto da Catedral compostelá como da Oficina de Atención ao Peregrino. O Goberno autonómico dá así resposta ao reforzo de persoal que tivo que facer o templo ante o incremento de peregrinos e visitantes e tras abrir o novo circuíto de abrazo ao Apóstolo.

Así, hoxe aprobouse unha addenda ao convenio que se asinara este ano coa Fundación Catedral de Santiago e a SAMI Catedral de Santiago por 730.231 euros e ao cal agora se suman outros 295.197 € euros máis, que financiará Turismo de Galicia, para sufragar os gastos extraordinarios de persoal (vixi, antes e auxiliares) que tivo que facer o conxunto catedralicio este ano. Con este incremento, a contía achegada pola Xunta á Catedral para a vixilancia e o control de accesos elévase por tanto a 1.025.428 euros.

A sinatura da addenda susténtase no crecemento da afluencia de peregrinos e visitantes. De feito, a mes e medio de que acabase 2023, Galicia superou xa os rexistros do ano pasado e nestes momentos son xa máis de 440.000 os peregrinos que recolleron a Compostela. E no que se refire aos visitantes, Galicia está a rexistrar unha moi positiva evolución cuantitativa e cualitativa. O dato máis recente do Instituto Nacional de Estatística (INE) indica un crecemento do 7% no número de viaxeiros aloxados en hoteis e pensións só no mes de outubro, constatando así o atractivo do destino galego tamén fóra de temporada alta.

Esta situación fixo necesario un reaxuste nos circuítos de entrada e saída da Catedral, o que supuxo a apertura das portas da Inmaculada, Abades e Praterías. Tamén se ampliou o horario de visita e se abriu o novo circuíto do abrazo ao Apóstolo, circunstancias que fixeron necesario un incremento de persoal.

Con esta nova axuda económica sufrágase o reforzo no servizo continuo tanto de vixilancia de seguridade como en servizos auxiliares no control de accesos, no interior do templo para o culto, apertura de portas, entrega e recepción de chaves, atención aos sistemas de seguridade, entre outras, na Catedral e na Oficina do Peregrino. Tamén para o control do Pórtico da Gloria e do circuíto de visita á cripta e de abrazo ao Apóstolo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno autonómico continúa así a senda da colaboración institucional levada a cabo nos últimos anos para mellorar a experiencia de peregrinos e visitantes que visitan Santiago de Compostela. Alíñase cos compromisos plasmados en distintas das liñas de acción do Plan director dos Camiños de Santiago 22-27, que inciden en mellorar os servizos de atención ao peregrino.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA UNHA PRIMEIRA COMPRA DE ACCIÓNS POR 4,5 M€ NA NOVA SOCIEDADE MIXTA RECURSOS DE GALICIA**

- Esta cantidade correspóndese co 30 % da primeira ampliación de capital aprobada pola sociedade, que ascende a 15 M€
- A entidade aglutina máis de 30 empresas e busca poñer en valor os recursos naturais e a creación de riqueza en Galicia
- A participación do Goberno galego nesta iniciativa suporá unha achega total de 30 M€ para aboar no período 2023-2027

O Consello da Xunta autorizou unha primeira compra de accións por importe de 4,5 M€ da nova sociedade para o aproveitamento sostible de recursos naturais de Galicia (Recursos de Galicia).

Esta sociedade mixta permitirá desenvolver proxectos centrados na protección do ambiente e a creación de riqueza en beneficio da sociedade galega, e conta coa participación de máis de 30 empresas, que achegan ao PIB autonómico case 11.000 M€. Esta cantidade correspóndese co 30 % da primeira ampliación de capital aprobada pola sociedade, que ascende a 15 M€.

A creación desta entidade, da cal a Xunta é socia maioritaria, enmárcase no anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, que está a tramitar na actualidade a Xunta e que ten por obxecto promover o desenvolvemento sustentable do territorio galego mediante a regulación e a promoción dunha serie de actuacións e instrumentos.

Entre estes instrumentos inclúese a participación da Administración autonómica en sociedades mercantís que teñan como finalidade procurar o beneficio social e económico do territorio.

Neste contexto, a Consellería de Facenda e Administración Pública abriu o pasado día 12 de xuño de 2023 un proceso de invitación aos operadores económicos ou investidores para participar no capital dunha futura sociedade que tivese como obxectivo poñer en valor os recursos estratéxicos galegos e canalizar ese valor cara ao tecido socioeconómico da Comunidade Autónoma, en particular cara ás comunidades locais.

Logo da constitución da sociedade mercantil Recursos de Galicia, co fin de promover e desenvolver proxectos de investimento centrados na dinamización dos recursos naturais galegos, fomentando e asegurando unha xestión responsable destes e xerando riqueza en beneficio do conxunto da comunidade galega, e tras a análise das manifestacións de interese presentadas polos distintos investidores e operadores económicos, así como as comunicacións e consultas efectuadas coas compañías seleccionadas, o pasado 13 de novembro asinouse un acordo coas empresas para que, conxuntamente coa Xunta de Galicia, tomasen unha participación nesa sociedade, mediante a formalización da compravenda de accións e a subscrición de accións nunha ampliación de capital.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe á Xunta de Galicia, a toma de participación no capital da sociedade Recursos de Galicia realizarase por un importe total de 30 M€, equivalente a unha porcentaxe do 30 % do capital social, cun calendario de desembolsos que se materializará no período 2023-2027.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ 10 M€ PARA APOIAR O FORTALECIMENTO E CRECIMENTO DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS**

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación publicará nos vindeiros días unha nova axuda que apoiará a ampliación de infraestruturas de investigación e tecnolóxicas incluíndo, por primeira vez, tanto edificación como equipamento
- As infraestruturas deberán orientarse á obtención de resultados en termos de excelencia e transferencia
- O apoio máximo por centro será de 4 M€ con axudas que poden alcanzar unha intensidade do 50 %
- Esta liña está incluída na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia e os proxectos deberán estar orientados á xeración de capacidades nalgún dos seus ámbitos de priorización

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a nova convocatoria para apoiar a excelencia, o fortalecemento e a ampliación dos centros tecnolóxicos, á cal se destinará un total de 10 M€ en 2024.

Con esta liña de axudas, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación, mantén o seu compromiso co ecosistema de I+D+i galego cunha convocatoria innovadora que apoia infraestruturas de investigación e tecnolóxicas destinadas a actividades de ensaio e experimentación, cubrindo a adquisición de terreos e equipamento, a construción ou a ampliación de edificación e activos inmateriais.

O obxectivo destas axudas é que poidan contar con infraestruturas de investigación e tecnolóxicas de alta calidade para acadar unha I+D+i pioneira capaz de atraer talento e investimento privado, o que mellorará o posicionamento galego a nivel internacional. Así, estes apoios facilitarán o crecemento dos centros tecnolóxicos e dos de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia potenciando a súa excelencia e reforzando as súas actividades cara ao tecido produtivo, especialmente as pemes. Ademais, os proxectos deberán estar orientados á xeración de capacidades nos ámbitos estratéxicos da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, evitando solapamentos coas infraestruturas xa existentes e favorecendo sinerxías entre elas.

Cada solicitude deberá incluír un plan de explotación adaptado ao tipo de infraestrutura que se propón e o acceso a elas ten que estar aberto a varios usuarios de xeito transparente e non discriminatorio. A intensidade dos apoios poderá chegar ao 50 %, en función tanto do tipo de infraestrutura como de entidade, pero o importe non poderá superar os 4 M€ por centro.

Galicia xa convocara en 2019 e 2021 axudas para infraestruturas de investigación que chegaron a 16 proxectos con axudas por máis de 9 M€. Pero non son as únicas



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destinadas a estes entes e, de feito, desde o ano 2009, o Goberno autonómico destinou preto de 26 M€ en apoios aos centros tecnolóxicos galegos a través de financiamento basal e diferentes programas de concorrencia competitiva. Estas infraestruturas ocupan unha posición destacada no ecosistema da política de I+D+i de Galicia, pois o seu papel é esencial na transformación da economía polo seu potencial para xerar vantaxes competitivas no tecido empresarial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FACILITA A PEMES E AUTÓNOMOS O ACCESO A PRÉSTAMOS NAS CONDICIÓN MÁIS VANTAXOSAS

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación activa unha nova convocatoria da liña de acceso ao crédito que permite tanto bonificar os tipos de xuro dos préstamos de xeito moi favorable, como a obtención de avais sen custo algún
- As contías dos préstamos oscilan entre os 3.000 euros e 1M€, cunha vixencia de 3 a 15 anos e unha bonificación do tipo de xuro do 1,9%
- A liña suma 12M€ que porán en circulación 80M€ nun millar de operacións nas que pemes e autónomos poden financiar investimento e circulante, ou refinar préstamos anteriores que tivesen en condicións menos vantaxosas
- Desde o 2020 aprobáronse máis de 3.000 solicitudes, moitas delas vencelladas ao programa Reaval Covid posto en marcha no contexto da pandemia, formalizándose operacións por valor de máis de 172M€

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación, segue a mellorar e facilitar o acceso a financiamento de pemes e autónomos, máis, se cabe, nun escenario como o actual marcado pola suba dos tipos de xuro. Neste marco, actívase un ano máis a liña de acceso ao crédito que, a través dun convenio coas entidades de crédito e as Sociedades de Garantía Recíproca, porá a disposición de pemes e autónomos préstamos nas condicións máis vantaxosas.

Os beneficiarios poderán solicitar tanto a bonificación do tipo de xuro dun préstamo como a obtención do aval sen custo algún. Para acadar estas dúas metas, a Consellería, a través do Igape, destina 12 M€, que porán en circulación 80M€ nun millar de operacións nas que pemes e autónomos poden financiar investimentos e circulante, ou refinar préstamos anteriores que se materializasen en condicións menos vantaxosas -ata un 60% da súa contía. Excepcionalmente e coa finalidade de aumentar a intensidade dos apoios ao sector da cadea mar-industria, no caso destas empresas os apoios poderían alcanzar a reestruturación do 100% da débeda existente.

As contías dos préstamos oscilan entre os 3.000 euros e 1M€, cunha vixencia de 3 a 15 anos e unha bonificación do tipo de xuro do 1,9%. Así mesmo, o acordo permite flexibilizar tamén outras condicións, ofrecendo tanto unha bonificación de ata o 1,25% da comisión do aval, como a posibilidade de reavalar os avais das Sociedades de Garantía Recíproca na procura de facilitar a concesión dos préstamos. Todas estas condicións terán aínda unha maior flexibilidade no caso das empresas da cadea mar-industria.

A concesión das axudas, que estarán dispoñibles a comezos de ano estendéndose o período de solicitudes ata o 30 de setembro, será por concorrencia non competitiva, sendo subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras ata o esgotamento do crédito.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Economía, Industria e Innovación segue así a facilitar o acceso a préstamos ao tecido empresarial galego, principalmente a pemes e autónomos ao ser estes os que sofren maiores dificultades para acadar o financiamento adecuado ás súas necesidades, dando continuidade a unha liña moi ben acollida.

Neste sentido, desde o 2020 aprobáronse xa máis de 3.000 solicitudes, moitas delas vencelladas ao programa Reaval Covid posto en marcha no contexto da pandemia, formalizándose operacións por valor de máis de 172 millóns. Cifras ás que aínda hai que engadir as da convocatoria 2023, cuxo prazo de presentación de solicitudes finalizou o pasado 29 de setembro.

### **Bonificación de tipos de xuro**

Neste marco, cómpre lembrar que a Consellería ten en marcha, a través do Igape, un novo programa que suma case 2 millóns de euros e que busca axudar a pemes e autónomos a facer fronte á suba de tipos de xuro que se veñen producindo durante o último ano.

Ata o vindeiro 30 de novembro, os titulares de operacións de préstamos directos concedidos polo Igape poden solicitar a subvención de ata 3,5 puntos nos tipos de xuro das operacións, favorecéndose así a viabilidade económica das empresas e facilitando a capacidade de reembolso dos préstamos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AMPLÍA A SÚA COLABORACIÓN COA COMISIÓN FULBRIGHT PARA QUE CINCO MOZOS POIDAN COMPLETAR A SÚA FORMACIÓN ARTÍSTICA NOS ESTADOS UNIDOS**

- Galicia é pioneira entre as comunidades autónomas no establecemento desta iniciativa de colaboración, na cal se inviste un total de 275.930 €
- O Goberno galego asume o 60 % do importe das bolsas, destinadas a gastos de viaxe, manutención dos bolseiros, gastos de proxecto, de matrícula e taxas obrigatorias

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á ampliación do Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo y Científico entre España y los Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) en materia de cultura.

O obxectivo desta cooperación é que cinco mozos que teñan conexión con Galicia por nacemento, residencia, formación en estudos superiores ou artísticos e traxectoria profesional poidan completar os seus estudos nos Estados Unidos coas bolsas que se conceden ao abeiro desta iniciativa. Galicia é comunidade pioneira, e a única, no establecemento deste tipo de programas de bolsas en colaboración coa Comisión Fulbright.

A Xunta de Galicia achegará un importe de 165.000 €, o que supón o 60 % do total. Estas cantidades estarán destinadas a gastos de viaxe, manutención da persoa bolseira, gastos de proxecto, de matrícula e taxas obrigatorias que poidan existir, así como gastos de xestión. Pola súa parte, a Comisión Fulbright colaborará economicamente cunha achega de 110.930 €, correspondentes a gastos de cobertura médica e de accidentes dos bolseiros durante a súa estadía no estranxeiro, entre outros.

Así mesmo, será Fulbright a encargada de preparar e xestionar a convocatoria e o proceso de selección dos bolseiros. Farase cargo da xestión de visados, de ofrecer sesións de orientación en España e unha rede de apoio nos Estados Unidos. Ademais, os bolseiros poderán participar en seminarios culturais e científicos organizados pola Comisión e, unha vez rematada a súa estadía, formarán parte da Rede de antigos alumnos Fulbright do U.S. Department of State.

Estas bolsas redundarán tanto na mellora da calidade dos traballos das persoas seleccionadas como na súa proxección no ámbito galego, estatal e internacional. Nos últimos 30 anos participaron no programa da Comisión Fulbright, un dos máis potentes instrumentos de diplomacia pública coñecidos, profesionais que supoñen un exemplo de excelencia académica, creativa e profesional, como o artista Francisco Leiro, o pintor Din Matamoro ou a dramaturga Fefa Noia, directora do Centro Dramático Galego entre os anos 2016 e 2019. Nas tres últimas convocatorias participaron 15 bolseiros, que estudaron en institucións de Massachusetts, Nova York ou California.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Plan Xeración cultura**

Esta é unha das numerosas iniciativas que se enmarcan no Plan Xeración cultura, a folla de ruta da Consellería de Cultura que reforza o sector cultural galego. Con este convenio, a Xunta de Galicia quere seguir favorecendo e mellorando o ecosistema das industrias culturais, pois os participantes no programa rematan os seus estudos nos centros máis prestixiosas no ámbito das artes e da cultura de Estados Unidos.

Na última convocatoria, que se está desenvolvendo con plena satisfacción das partes, foron seleccionados dúas mulleres e tres homes, que completan ao abeiro destas bolsas a súa formación en artes audiovisuais, escénicas, plásticas e visuais, así como nas áreas de música e musicoloxía, museoloxía e conservación do patrimonio e en xestión cultural.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA UN PLAN INTEGRAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR E O CIBERACOSO CON PUNTOS LARANXAS FÍSICOS E VIRTUAIS PARA DENUNCIAR DE FORMA ANÓNIMA E SEGURA**

- Explica que estes espazos, cunha imaxe común, identificable e accesible, funcionarán como un caixa de correo na que o alumnado poderá trasladar situacións de acoso propias ou que perciban en terceiros
- Avanza que o documento, aprobado no Consello, tamén inclúe a constitución de equipos de actuación contra o acoso escolar en cada centro, cun procedemento para seguir
- O plan está enfocado a lograr a tolerancia cero ante calquera forma de violencia e discriminación na escola e ofrecer unha resposta áxil, eficaz e coordinada
- A Xunta ratifica o seu compromiso na loita contra o acoso escolar cunha aposta construtiva e multidisciplinar coa implicación de seis departamentos do Goberno
- O plan recolle sete liñas de traballo e 49 accións específicas para blindar que as contornas escolares sexan seguras, inclusivas e respectuosas
- Refórzase a formación docente para que o profesorado dispoña de habilidades e recursos que lle permitan identificar estes casos e a mellor maneira de intervir
- Poténciase a participación das familias a través dunha canle dixital con formación e información para detección temperá e resolución pacífica de conflitos
- Inclúense propostas educativas para o alumnado dirixidas a mellorar as relacións interpersonais, a empatía e o respecto e o uso responsable e seguro da internet

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación por parte do Consello da Xunta do Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar 2023-2025 que, segundo precisou, vaise aplicar este mesmo curso, e que forma parte do conxunto de accións específicas na "intensa loita" neste eido marcada polo Executivo galego. Entre as súas principais medidas, atópase a instalación de 'puntos laranxas', a modo de caixas de correos, tanto físicas como virtuais, a través das cales o alumnado poderá denunciar de forma anónima e segura estes casos.

"Os abusóns non teñen cabida no sistema educativo galego", advertiu o mandatario galego, quen defendeu este plan que ten como meta a "tolerancia cero" ante calquera forma de violencia e discriminación nos centros educativos. Para isto, establécese un conxunto de accións específicas dirixidas a blindar que os centros escolares galegos sexan "seguros, inclusivos e respectuosos". "Este ten que seguir sendo un obxectivo irrenunciable", defendeu.

Rueda explicou que a aprobación deste plan supón o cumprimento do establecido na Estratexia galega de convivencia escolar 2025, a folla de ruta que fixa novos retos neste eido, "e hoxe damos un paso importante máis", salientou, á vez que lembrou que os centros galegos se caracterizan polo seu alto grao de inclusión e presentan un bo clima de convivencia, tal e como avalan os datos das distintas enquisas realizadas ao conxunto da comunidade educativa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Non obstante, defendeu que é preciso seguir traballando para erradicar calquera situación de acoso facendo fincapé na detección precoz e na intervención axeitada e promovendo unha cultura de respecto, empatía e tolerancia.

### **Punto laranxa**

Unha das accións salientadas polo presidente da Xunta é que todos os centros escolares contarán cun 'punto laranxa' contra o acoso escolar, tanto físico nas propias instalacións como virtual a través dos seus webs. Segundo precisou, estes puntos, que terán unha imaxe común e uniforme para que sexan perfectamente identificados e accesibles, funcionarán como unha caixa do correo a través da cal o alumnado poderá comunicar ou denunciar, desde unha posición totalmente anónima, posibles situacións de acoso ou ciberacoso que sufran ou perciban en terceiros.

Rueda indicou que para xestionar esta caixa do correo, en cada centro educativo constituirase un equipo de actuación contra o acoso escolar, que estará integrado, entre outros, polo coordinador de benestar emocional e convivencia e a persoa orientadora do centro. Deste xeito, o alumnado vai contar cun equipo de referencia ao cal dirixirse en caso de que o precise. Ademais, no Protocolo de acoso e ciberacoso que se vai actualizar, establecerase un procedemento de intervención ante os posibles casos que se coñezan por esta vía.

Na liña da loita contra o acoso e o ciberacoso desde unha perspectiva multidisciplinar e integral, o presidente da Xunta aclarou que estes 'puntos laranxas' non se van cingir unicamente aos centros escolares, senón que tamén está previsto que se instalen en todos os espazos xoves e residencias xuvenís e de estudantes, e incluírase formación específica para o persoal destes centros.

### **Formación específica para o profesorado**

Outro dos puntos clave que foi explicado por Rueda é a formación do profesorado, que debe dispoñer de todos os mecanismos e ferramentas necesarias para actuar. Nesta liña, avanzou que o plan de accións formativas específicas para que os docentes se doten de habilidades e recursos que lles permitan identificar situacións de acoso e ciberacoso, intervir apoiando as vítimas e atender as posibles persoas acosadoras e observadoras.

Para iso colaborarase con outros profesionais dos sectores sanitario e social, e contarase co apoio da Administración de xustiza, con acceso a profesionais especializados no eido xudicial e dispoñibilidade de material formativo en relación coa erradicación da violencia sobre menores e adolescentes.

Nesta liña, os integrantes do equipo de actuación contra o acoso escolar recibirán unha formación específica orientada a tramitar o procedemento que abrangue a investigación dos feitos, reunións coas persoas implicadas ou a xestión de denuncias, entre outros.

Tamén se deseñará formación específica para os equipos directivos, a Inspección Educativa, os coordinadores de benestar e para o exercicio da función titorial na medida en que o titor é unha persoa clave na vida académica do alumno.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Participación activa das familias**

As familias desempeñan un papel fundamental para a prevención do acoso e o ciberacoso e, polo tanto, neste plan cobra unha especial relevancia a súa contribución para a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes. De aí que se promova unha estreita colaboración entre as familias e os centros educativos habilitando liñas de comunicación coa escola para traballar de maneira conxunta.

Para asegurar a súa participación fluída, crearase unha canle dixital para as familias que inclúa información, contidos formativos e materiais que axuden á detección temperá de condutas de acoso. Isto é, que as familias tamén dispoñan de ferramentas que as axuden a identificar cambios nos seus fillos que poidan derivar desas situacións.

Para iso potenciarase o papel das asociacións de nais e pais con accións formativas desenvolvidas por profesionais da Consellería de Sanidade, e seguiranse ofrecendo obradoiros específicos para familias tanto nos centros como en concellos e asociacións deseñados pola Consellería de Política Social e Xuventude a través dos profesionais dos centros Quérote+.

### **Fomentar o respecto e o uso seguro da internet entre o alumnado**

No que atinxe ao alumnado, establécense propostas educativas para mellorar as relacións interpersonais, a empatía e a solidariedade desde idades temperás fomentando o respecto mutuo e a aceptación da diversidade, así como dotalos de ferramentas para que identifiquen e prevexan posibles situacións de risco.

Neste caso faise especial fincapé no uso responsable e seguro da internet aproveitando as súas potencialidades, para o cal cómpre subliñar o reforzo de competencias a través de programas como Pegada dixital, Navega con rumbo e CiberLiga, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Entre outras accións, cómpre destacar o programa *Harmonía*, para fomentar a educación na diversidade, programas de habilidades sociais e titorías entre iguais, intervención específica con mozos en risco de exclusión social ou actuación integral para menores de idade con medidas xudiciais.

Tamén se implementarán programas que estimulen a súa implicación no respecto aos dereitos humanos individuais e sociais, como a creación do premio Tolerancia cero fronte ao acoso, o programa Ollamos para favorecer habilidades básicas para ser quen de afrontar situacións de acoso e ciberacoso, promoción de programas de alumnado axudante coa creación de redes de apoio nos centros ou o reforzo da competencia básica.

Cómpre salientar que tamén se reforzará o traballo que xa se fai, desde a prevención e con obradoiros específicos para os centros educativos, no uso responsable das contornas virtuais, autoestima ou no benestar emocional, un traballo que se leva a cabo a través de obradoiros para alumnado de terceiro da ESO e primeiro de bacharelato que se poden solicitar ao servizo Quérote+ .



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Protocolo de acoso e ciberacoso**

No marco do Plan integral, estase traballando nunha actualización do Protocolo de acoso e ciberacoso escolar que lles facilite aos centros educativos un procedemento práctico e accesible para detectar e intervir inmediatamente tras o coñecemento dunha posible situación deste tipo.

Neste apartado tamén se prevé a elaboración dunhas instrucións dirixidas aos centros para o desenvolvemento do dito protocolo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O CONCERTO SOCIAL PARA CONSOLIDAR 154 PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA A PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO**

- O orzamento é de 15,1 millóns de euros para un período inicial de catro anos, que se poderá prorrogar ata un máximo de dez
- O Executivo autonómico comeza así a cumprir co acordo asinado o pasado luns coas entidades sociais do ámbito da discapacidade para desenvolver o concerto social, que suporá un investimento anual de 100 millóns de euros

O Consello aprobou hoxe a convocatoria, polo procedemento de concerto social, de 154 prazas de atención diúrna e residencial especializadas nos coidados a persoas dependentes con dano cerebral adquirido e o servizo de transporte vinculado a elas. O orzamento ascende a 15,1 millóns de euros para o período 2024-2028, que poderá chegar ata os 54,1 millóns de euros no caso de que a duración dos concertos se prorrogue ata os 10 anos, que é o máximo previsto.

O Executivo autonómico comeza así a cumprir co acordo asinado o pasado luns coas entidades sociais do ámbito da discapacidade para desenvolver o concerto social, que suporá un investimento anual de 100 millóns de euros. A Xunta convocará seis concertos, un por cada tipo de discapacidade: intelectual, física, autismo, parálise cerebral, enfermidade mental e dano cerebral.

Tras a autorización do Consello, publicarase a orde da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. A previsión é que os concertos coas entidades entre en vigor no primeiro trimestre do vindeiro ano.

#### **Vantaxes do concerto social**

O concerto social é unha demanda histórica das entidades do sector, que facilitará que as persoas con discapacidade non teñan que desprazarse longas distancias para acceder a unha praza pública. Ademais, garántese a continuidade dos servizos que ofrecen as entidades, dándolles maior estabilidade e asegurándose de que esta atención se vai manter no tempo.

Ademais, a través desta modalidade para a contratación de servizos especializados, a Xunta subirá un 30 % o investimento con respecto aos contratos actuais; aumentará o importe do prezo/praza dos servizos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ A TRANSFORMACIÓN SUSTENTABLE E DIXITAL DAS ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL CON ACHEGAS POR CASE 3 M€ PARA FINANCIAR OS SEUS INVESTIMENTOS**

- O Consello da Xunta aprobou a nova convocatoria do Bono Consolida para reforzar a presenza da economía social no tecido económico galego
- Con apoios de ata 30.000 euros por entidade, permitirá financiar reformas nos centros de traballo e investimentos en equipamento, márketing ou de eficiencia enerxética
- O Consello deu o visto e prace tamén a unha nova convocatoria de axudas dirixidas ás 98 entidades que forman parte da rede Eusumo de impulso á economía social, co obxectivo de divulgar os seus beneficios e favorecer o emprendemento neste modelo

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe unha nova convocatoria do Bono Consolida que, dotada con algo máis de 2,7 millóns de euros, seguirá a apoiar a consolidación das entidades da economía social e a reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia.

As axudas prestarán especial atención á transformación dixital e á sustentabilidade con achegas máximas de ata os 30.000 euros por entidade. Entre outras actuacións, financiaranse investimentos realizados entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024 en equipamento informático, software, márketing, eficiencia enerxética, elementos de transporte ou formación para os socios afiliados ao réxime de traballo autónomo (RETA). Este ano, como novidade, inclúense tamén as reformas que se realicen en calquera instalación do centro de traballo.

Poden ser beneficiarias destes apoios sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego que estean rexistrados e acrediten unha antigüidade mínima de 42 meses.

A Xunta simplificará a nova convocatoria e reducirá a documentación que se deberá presentar. Tamén fixará o prazo de presentación de solicitudes nos dous meses contados desde a publicación no Diario Oficial de Galicia, prevista no mes de xaneiro. O obxectivo non é outro que converter esta convocatoria en anual, axilizala e dar resposta ás peticións do Consello Galego de Cooperativas, para que as entidades poidan percibir as achegas xa no primeiro trimestre do ano.

Estas axudas convócanse desde o ano 2021 e o ano pasado rexistraron unha grande acollida que permitiu duplicar o número de entidades beneficiarias (135). Estímase que este ano se repita e se poidan acadar as 200 solicitudes concedidas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Axudas ás entidades Eusumo**

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade activará, por outra banda, unha nova convocatoria de axudas dirixida ás 98 entidades de economía social que forman parte da rede Eusumo, co obxectivo de que desenvolvan en 2023 e 2024 accións de divulgación, formación e asesoramento a persoas que estean a iniciarse nestas fórmulas.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe a esta liña que busca apoiar os colectivos que colaboran coa rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social en Galicia, impulsando o seu desenvolvemento no ámbito local.

Pódense beneficiar das achegas, cun máximo de 190.000 euros, asociacións, concellos ou agrupación deles, cámaras de comercio, universidades e/ou fundacións e asociacións profesionais, empresariais ou sindicais inseridas na rede.

Entre outras actividades, recibirán financiamento as accións de divulgación da economía social; a elaboración de estudos, informes, traballos de investigación ou manuais, guías, unidades didácticas con contido inédito; e de asesoramento e acompañamento a promotores e as iniciativas de formación.

Igual que na anterior convocatoria, reservaranse 390.000 euros do orzamento global (690.000 euros) para apoiar actividades de sectores específicos como o da economía dos coidados, agroalimentario, economía circular, enerxías renovables, aplicación de novas tecnoloxías ou relacionadas co sector industrial e das industrias culturais.

No marco da convocatoria, fomentaranse ademais actividades de emprendemento dirixidas a persoas mozas, con discapacidade, en risco de exclusión ou asentadas en contornas rurais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AMPLÍA NUN 15 % AS AXUDAS DOS PROGRAMAS INTEGRADOS, O QUE PERMITIRÁ CON 11,8 M€ MELLORAR AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 5.500 PERSOAS SEN EMPREGO**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe este incremento no crédito da convocatoria 2023-2024, en total case 1,6 millóns de euros máis, o que supón que 600 persoas máis poderán aumentar a súa empregabilidade
- Os apoios autonómicos permitirán desenvolver 55 proxectos: 34 en entidades sen ánimo de lucro e 21 en concellos
- Cada acción contará con 100 participantes coa exigencia de que polo menos o 35 % accedan ao mercado laboral durante a duración do proxecto
- A iniciativa forma parte do Plan galego de formación para o emprego ao cal a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinará un 12,9 % máis de orzamento en 2024, ata chegar aos 117 millóns de euros
- Entre 2009 e 2022 máis de 50.000 persoas participaron nesta iniciativa, á cal a Xunta destinou máis de 94 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha ampliación do crédito para as axudas destinadas á realización de programas integrados de emprego en entidades sen ánimo de lucro e concellos cos cales se melloran as oportunidades laborais das persoas sen emprego. Así, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinará en global á convocatoria 2023-2024 destes apoios máis de 11,8 millóns de euros tras unha ampliación de case 1,6 millóns, o que supón un incremento do orzamento do 15 %.

Esta actuación permitirá que 600 persoas máis sen emprego poidan acceder a estes programas. En total desenvolveranse 55 proxectos, 34 en entidades sen ánimo de lucro e 21 en concellos, nos cales poderán participar unhas 5.500 persoas desempregadas.

Como en anteriores convocatorias, resérvanse dous millóns de euros do global do orzamento para o financiamento de programas dirixidos exclusivamente a mulleres desempregadas, co obxecto de que reciban atención específica para a súa incorporación ao mercado laboral.

En cada un destes programas tomarán parte 100 persoas desempregadas, ás cales se lles ofrece unha formación para o emprego e a posibilidade de realización de prácticas profesionais non laborais en empresas (ten que realizar estas prácticas un mínimo de 15 persoas) en consonancia con contido teórico-práctico das accións formativas. Ademais, polo menos o 35 % das participantes teñen que ser inseridas no mercado laboral durante a duración do proxecto, ben por conta allea, por conta propia (iniciar no mesmo prazo ou nos 3 meses posteriores a esta formación unha actividade), ou como socios/as traballadores/as dunha cooperativa ou sociedade laboral por un tempo non menor de seis meses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes programas, en xeral, melloran a empregabilidade das persoas que toman parte neles, ao lles ofrecer unha formación para o emprego teórico-práctica de calidade, da man dos especialistas que as imparten. O alumnado, durante todo o proceso formativo, recibe orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial, para o que as entidades promotoras dos proxectos contarán co persoal para o efecto.

A Administración autonómica, así mesmo, ofrece bolsas para incentivar a asistencia dos demandantes de emprego a estas accións, que na presente anualidade elevan o seu importe dos 7 euros aos 10 euros por día. Tamén asume a Xunta de Galicia os custos salariais do persoal necesario para impartir os PIE, así como de desprazamento do dito persoal e de gastos materiais e de equipamentos técnicos, entre outros.

A Xunta fixa como destinatarias prioritarias dos programas, entre outros colectivos, as persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, menores de 30, maiores de 45 anos, mulleres, inmigrantes, persoas paradas de longa duración e persoas desempregadas como consecuencia dun expediente de regulación de emprego de carácter extintivo presentado nos 12 meses anteriores.

A través desta nova convocatoria fomentáronse os proxectos innovadores que se caractericen pola utilización das novas tecnoloxías. Tamén as actividades que propuxeron medidas de conciliación e as vencelladas co territorio onde se imparten.

A actuación enmárcase no Plan galego de formación para o emprego, ao cak o Goberno autonómico destinará en 2024 un 12,9 % máis de orzamento, ata chegar aos 117 millóns de euros, para converter Galicia nunha terra de oportunidades.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCA 4,5 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA FOMENTAR A ELABORACIÓN E A COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS VITIVINÍCOLAS**

- As achegas, que están financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), publicaranse no Diario Oficial de Galicia e desde a súa publicación as persoas interesados disporán ata o 31 de xaneiro de 2024 para presentar as súas solicitudes
- Poderán beneficiarse destas achegas as empresas vitivinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas, as asociacións de dous ou máis produtores con personalidade xurídica e as organizacións interprofesionais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para facer efectiva unha nova convocatoria das axudas bianuais para os investimentos en elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, por un importe de 4.500.000 euros, que se executarán entre o 2025 e o 2026. Estas achegas, que están financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), publicaranse en breve no Diario Oficial de Galicia e desde a súa publicación as persoas interesados disporán ata o 31 de xaneiro de 2024 para presentar as súas solicitudes.

Poderán beneficiarse destas achegas bianuais as empresas vitivinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas, as asociacións de dous ou máis produtores con personalidade xurídica, as organizacións interprofesionais e as organizacións profesionais. Serán subvencionables os custos de construción, adquisición ou mellora de bens inmoables, a compra de nova maquinaria e equipamentos ata o valor de mercado do produto e os gastos administrativos, sempre que en conxunto non superen o 4 % dos custos subvencionables totais da operación. Tamén serán subvencionables a adquisición ou o desenvolvemento de soportes lóxicos de ordenador e de patentes, licenzas, dereitos de autor ou o rexistro de marcas colectivas.

As principais finalidades desta convocatoria son, entre outras, as de fomentar a agrupación dos primeiros elos da cadea alimentaria mediante a integración das entidades asociativas e o asociacionismo agrario e impulsar os procesos sustentables desde o punto de vista ambiental a través do aforro de enerxía, da eficiencia enerxética global, da utilización de enerxías renovables e da valorización e tratamento dos residuos.

Preténdese, así mesmo, fomentar a certificación ambiental das instalacións das empresas vitivinícolas, a produción ecolóxica e os produtos acollidos a réximes de calidade e os pagamentos de uva por calidade. Outros obxectivos pasan por favorecer a innovación e a implantación de novos produtos e novas presentacións, polo incremento da dimensión empresarial, pola participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor ou por impulsar os investimentos en comercialización e promover a introdución das tecnoloxías dixitais nas empresas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PRORROGA O CONVENIO DE PROTECCIÓN DAS ALDEAS ATA FINAIS DE 2024, CUN ORZAMENTO ANUAL DE 12,25 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello da Xunta acordou na súa xuntanza semanal aprobar esta addenda dados os bos resultados obtidos ata o momento, ao se chegar a unha superficie xestionada nas faixas secundarias que supera o 70 %
- En día de hoxe, están adheridos ao convenio de protección un total de 283 concellos, é dicir, o 90,41 % dos municipios galegos
- Desde 2021 lévanse revisadas máis de 1,7 millóns de parcelas en toda Galicia e xestionadas 88.100 hectáreas

O Consello da Xunta acordou prorrogar un ano máis o convenio de protección das aldeas, nado da colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a empresa pública de Servizos Agrarios de Galicia (Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios no ano 2018. Así, a addenda aprobada hoxe amplía un orzamento que, en total, chegará no 2024 aos 12.250.000 euros (7,75 M por parte da Consellería e 4,5 M por parte do Fondo de Cooperación Local).

O Goberno autonómico achegará os 7.750.000 euros a través de dúas addendas. A aprobada hoxe conta con 5.425.000 euros, unha dotación que se completará no mes de marzo cunha segunda incorporación orzamentaria de 2.325.000 euros. Pola súa parte, as entidades locais contribuirán cos restantes 4.500.000 euros, para poder levar a cabo as actuacións no marco do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Neste senso, cabe lembrar que a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece o procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas e indica que son as persoas propietarias as que teñen a obriga de manter xestionadas as franxas secundarias e, de non ser así, será o organismo municipal o que realice a súa execución de forma subsidiaria.

En día de hoxe están adheridos a este convenio de protección das aldeas un total de 283 concellos (o que representa o 90,41 % dos municipios totais), o que evidencia a boa acollida deste convenio entre as entidades locais. Con respecto ao pasado ano, uníronse a este convenio sete concellos máis.

De feito, en canto á xestión da biomasa, desde 2021 lévanse revisadas máis de 1,7 millóns de parcelas en toda Galicia e xestionadas 88.100 hectáreas.

Ademais, no relativo á superficie xestionada –polos seus propietarios ou de xeito subsidiario por Seaga– pasou de representar o 50 % no ano 2019 ata superar o 70 % en 2023.

Nesta mesma liña, os propietarios das parcelas xestionadas dun xeito subsidiario están sendo obxecto da correspondente notificación, en que se lles advertirte da repercusión



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do custo e da imposición da correspondente sanción polo dito incumprimento. Desde 2021, xeráronse un total de 325.455 notificacións e 208.912 referencias catastrais para publicar.

Este sistema busca contribuír e garantir a prevención de incendios forestais, para que deste xeito se acade unha diminución do número de lumes nas zonas de interface urbano-forestal, o que repercute no interese público polo que supón para a seguridade das persoas e dos bens.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA MÁIS DE 9 M€ Á SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO DE 158 VEHÍCULOS TODOTERREO PARA A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- Destes vehículos, 139 serán tipo *pick-up* e contarán cun kit de extinción cunha capacidade mínima de 400 litros
- Os todoterreo destinaranse ás brigadas terrestres de bombeiros forestais dos distritos e ás brigadas helitransportadas, e utilizaraos tamén o persoal que forma parte da unidade de directores de extinción especializada en grandes lumes
- Este procedemento súmase ás entregas de vehículos ao persoal forestal da Consellería do Medio Rural realizadas nos últimos meses e supón a renovación do compromiso de mellora continua do dispositivo de defensa fronte os incendios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por importe de algo máis de 9 millóns de euros, da subministración mediante arrendamento, na modalidade de *renting*, de 158 vehículos tipo todoterreo para o persoal de loita contra os incendios forestais.

O contrato distribúese en dous lotes. Por un lado, 139 vehículos tipo todoterreo de caixa aberta (*pick-up*) con kit de extinción e sistema dosificador de retardante a curto prazo, e por outro, 19 vehículos todoterreo de sete prazas. A duración do arrendamento será de 36 meses, contados desde a data da sinatura da acta de entrega dos vehículos, e prolongarase ao longo dos anos 2024, 2025, 2026 e 2027.

Estes vehículos destinaranse ás brigadas terrestres de bombeiros forestais dos distritos con labores de prevención e defensa contra incendios, e tamén ás brigadas helitransportadas. Utilizaraas, ademais, o persoal que forma parte da unidade de directores de extinción especializada en grandes lumes creada no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 2023 (Pladiga 2023).

No que atinxe ao primeiro lote, establécese que os vehículos que se vaian alugar serán de tipo todoterreo de caixa aberta (*pick-up*), con dobre cabina, cinco prazas de capacidade e unha masa máxima autorizada inferior a 3.500 kg. No prego de prescricións técnicas márcanse, así mesmo, as características de seguridade, habitabilidade e equipamento destes vehículos. Así, en relación co kit de extinción, sinálase –entre outras cousas– que terá unha capacidade mínima de 400 litros. Así mesmo, incorpóranse dispositivos luminosos especiais para emerxencias, así como sirena.

A maiores, no prego tamén se establecen as características dos vehículos do segundo lote e o equipamento común para ambos os lotes, que debe incluír un sistema de comunicación de radio e elementos identificadores e relacionados coa identidade corporativa da Xunta de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Antecedentes da iniciativa**

Como antecedentes desta iniciativa, cómpre sinalar que en xullo pasado se entregaron 33 vehículos todoterreo a axentes ambientais da Consellería do Medio Rural, para seren empregados na prevención e extinción de incendios, así como na xestión forestal sustentable. Estes vehículos están financiados ao cen por cento con fondos REACT-UE, habilitados pola Unión Europea como resposta á pandemia, e enmárcanse no programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Esta entrega sumábase tamén ás realizadas en novembro de 2022 e xaneiro deste mesmo ano, nas cales se distribuíron 117 vehículos. Tamén se suma á correspondente subministración mediante arrendamento de 137 vehículos todoterreo tipo *pick-up* para as brigadas forestais nos últimos anos, que constitúe o antecedente inmediato desta licitación que autoriza agora o Consello da Xunta.

A renovación deste parque móbil constitúe unha prioridade para a Xunta e enmárcase na política xeral de mellora continua do dispositivo de defensa fronte os incendios. Ademais, este esforzo en materia de dotación de vehículos complementa outros que está facendo a Xunta no eido forestal e, máis concretamente, na loita contra o lume.

Esta aposta materialízase nos orzamentos e así, no ano 2024 renovaranse e ampliaranse estas dotacións coa adquisición de novos modelos de vehículos motobomba lixeiros por valor de 4 millóns de euros. A este respecto, cómpre destacar que na última década se renovaron 125 vehículos motobomba, o que supón un 80 % dos vehículos con que conta o dispositivo.

No vindeiro ano tamén se renovarán e se ampliarán os contratos de servizos de medios aéreos de extinción, e incrementarase o seu orzamento ata acadar os 13,95 millóns de euros. Investiranse, así mesmo, outros 2,8 millóns de euros en equipamentos de protección individual (EPI) de extinción e na adquisición de autorrescatadores. Ademais, seguirase a apostar pola uniformidade do Servizo de Extinción de Incendios por medio de novos equipamentos, como bolsas de transporte de equipamentos e sopradores portátiles de batería.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA COS CONCELLOS DE ORDES E FRADES PARA A MELLORA DA PONTE SOBRE O RÍO SAMO, NA MAQUÍA, CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 320.000 EUROS**

- O Consello da Xunta acordou na súa xuntanza semanal aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre o Goberno galego e as dúas entidades locais para renovar a ponte sobre o río Samo, na Maquía
- A Administración autonómica será a responsable da actuación e achegará 217.400,61 euros, mentres que os concellos cofinanciarán o proxecto cunha achega de 100.000 euros, que se repartirán a partes iguais
- O convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2024 ata que se rematen as obras e se lles entreguen aos concellos

O Consello da Xunta acordou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os concellos de Ordes e Frades, na provincia da Coruña, para realizar obras en infraestruturas rurais, neste caso para a renovación da ponte sobre o río Samo, na Maquía, destinado para o uso público.

A Consellería do Medio Rural será a responsable da realización das obras, e correspóndelle a súa licitación ou encarga, tramitación e dirección. O orzamento máximo que se destinará para a actuación da cal é obxecto este convenio ascende a 317.400,61 euros, dos cales o Goberno galego achegará dos seus fondos propios 217.400,61 euros. Os 100.000 restantes serán cofinanciados polos concellos de Ordes e Frades, con 50.000 euros fornecidos por cada un deles.

Esta obra consiste nunha infraestrutura rural, que os concellos de Ordes e Frades consideran necesaria, axudará a mellorar o desenvolvemento rural destas dúas localidades e, en concreto, dos núcleos máis próximos á ponte obxecto deste proxecto de renovación.

A Consellería do Medio Rural, con este convenio, reforza o seu labor a prol do desenvolvemento das zonas rurais galegas, ao favorecer que se leven a cabo proxectos que as dinamicen para mellorar a calidade de vida da súa poboación e contribuír ao mesmo tempo coa súa fixación.

O convenio estará vixente a partir do 1 de xaneiro de 2024 e a súa finalización dependerá do remate das obras e do momento en que a Consellería do Medio Rural lles comunique a súa recepción aos concellos de Ordes e Frades e as formalice coa súa correspondente acta de entrega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA COA DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE XINZO PARA A MELLORA DO CAMIÑO DA ARMADA, CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 320.000 EUROS**

- O acordo ratifica esta colaboración, pola que a Consellería do Medio Rural e o organismo provincial cofinanciarán a mellora desta infraestrutura rural na localidade ourensá
- O camiño da Armada é a principal vía de saída do cereal que se recolle na zona, pola que tamén circulan gran número de vehículos pesados que fan necesaria a renovación do seu firme
- O convenio estará vixente desde o 1 de xaneiro de 2024 ata a recepción das obras e súa posterior entrega ao Goberno local

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a sinatura do Convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Deputación de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para levar a cabo unha actuación de mellora en infraestruturas rurais, concretamente na renovación do firme do camiño da Armada.

O orzamento previsto para estas obras, que serán responsabilidade, tanto na licitación como na execución, da Consellería do Medio Rural, é de 321.534,87 euros. O Goberno galego destinará 221.534,87 dos seus fondos propios para levar a cabo esta actuación de mellora, mentres que os 100.000 restantes serán cofinanciados pola Deputación de Ourense.

O camiño da Armada é a principal vía do cereal que se recolla na zona, pola que ademais transitan gran número de vehículos pesados que deterioraron o seu firme. As obras para a súa renovación permitirán mellorar esta estrada e favorecerán o desenvolvemento económico da localidade, de suma importancia no sector agrogandeiro galego.

A Consellería do Medio Rural, con este convenio, reforza o seu labor a prol do desenvolvemento das zonas rurais galegas, ao favorecer que se leven a cabo proxectos que as dinamicen para mellorar a calidade de vida da súa poboación e contribuír ao mesmo tempo coa súa fixación.

O convenio estará vixente desde o 1 de xaneiro de 2024 e non finalizará ata o remate da actuación recollida nel, a comunicación da recepción da obra por parte da Consellería do Medio Rural ao Concello de Xinzo e a formalización da súa acta de entrega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSARÁ O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DA CULTURA MARÍTIMA HORIZONTE 2030 CON ACTUACIÓNS NO CONXUNTO DO LITORAL DE GALICIA

- O Consello da Xunta aproba a sinatura do novo convenio de colaboración coa Universidade da Coruña que dá continuidade á planificación da xestión integral e á posta en valor das tradicións e do patrimonio ligado ao mar na Comunidade
- A Consellería do Mar destina a esta acción preto de 293.000 euros repartidos en tres anualidades, que se distribuirán a partes iguais en 2024, 2025 e 2026
- Composto por 100 medidas, enumera os múltiples oficios vencellados co mar, repasa o vasto patrimonio a el ligado, expón medidas que servirían para preservalo e destaca espazos singulares representativos da súa cultura mariñeira

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña e a súa Fundación (FUAC) para o desenvolvemento do Plan da Cultura Marítima de Galicia-Horizonte 2030 (Pcuma) por un importe total próximo aos 293.000 euros. Trátase dun conxunto de accións único e pioneiro tanto no ámbito nacional como internacional que se presentou a finais do pasado mes de setembro ante os membros do Executivo autonómico e que ten como fin protexer e conservar o enorme patrimonio marítimo galego para que chegue ás vindeiras xeracións.

O documento en que se basea o plan, realizado tras o primeiro convenio selado coa universidade coruñesa polo equipo liderado polo arquitecto Óscar Fuertes Dopico, foi froito dun intenso traballo e de consultas a persoas e entidades de todo o litoral e realiza unha profunda análise da diversidade de bens inmobles, mobles e patrimonio inmaterial existente na Comunidade. Recolle 100 medidas para aplicar antes do ano 2030 que contribuirían a avanzar no seu coñecemento, preservalo e poñelo en valor tanto en Galicia como no exterior. Para iniciar ese camiño e que o traballo realizado empece a dar froitos tanxibles para a cidadanía, dáse agora continuidade ao plan en fase de información, de seguimento e de posta en marcha das accións prioritarias.

Ademais do debate interno no seo académico, o obxectivo agora pasa por presentarllo ao conxunto da sociedade e tamén noutros foros en que participarán as consellerías de Cultura, Mar ou a Vicepresidencia Segunda da Xunta e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Na planificación de traballo figura recorrer o conxunto global do territorio litoral para difundir o plan e poñer en marcha distintas actividades por realizar, unindo as tradicións, o valor do patrimonio marítimo e os pasos para seguir no futuro co fin de garantir así a súa coherencia e continuidade.

A evolución das actuacións xa realizadas pasa por activar tarefas concretas de continuidade que van desde estudar *in situ* os elementos para a realización do inventario do patrimonio marítimo ata completar os apartados dos traballos sobre a cultura do mar, investigar sobre as distintas categorías patrimoniais dos inmobles, continuar cos procesos participativos que permitiron que nacesse o Pcuma e definir un maior número

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de áreas nai –zonas singulares do litoral galego que salientan por conservar as características orixinais–, entre as cales se encontran Rinlo, Espasante (Ortigueira), Mugardos, Redes (Ares), Quilmas (Carnota), Muros, a enseada de Broña (Outes), a zona da Secada-Touro (Ribeira), Combarro (Poio) e A Guarda.

### **Un mar que define a Galicia e as súas xentes**

O plan é de suma importancia tendo en conta que Galicia conta con máis de 1.600 quilómetros de costa, tres provincias con mar e máis da metade da poboación (preto do 55 %) vive no litoral. Esta situación fixo que as actividades vencelladas co mar definisen un gran número de oficios e o propio modo de vida da xente, o que deu lugar a unha cultura característica e de gran valor. Por iso, o plan pretende converterse nun instrumento capaz de favorecer a xestión integral deses vestixios e dalos a coñecer fóra da Comunidade.

O documento fai unha radiografía da demografía litoral de Galicia e da súa cadea mar-industria destacando os arredor de 40.000 empregos directos que dependen dela, así como os múltiples oficios, tanto no pasado como agora, vencellados co mar. Aos mariñeiros, mariscadores, percebeiros, acuicultores ou bateeiros engádense os operarios da conserva, afumadores, baleeiros, salgadores, muiñeiros, carpinteiros de ribeira, torneiros, redeiras, fareiros ou barqueiros, entre outros moitos.

O Plan da cultura marítima de Galicia tamén fai un repaso pola variedade de bens inmobles, bens mobles e patrimonio inmaterial con que conta a Comunidade. Entre as construcións están os estaleiros e as carpintarías de ribeira, fábricas de conserva e salgadura, casetas de pescadores e lavadoiros de redes, vivendas mariñeiras, peiraos, embarcadiros, faros, lonxas, cemiterios, ermidas ou santuarios e restos arqueolóxicos, entre outros moitos.

Nos bens mobles están as artes de pesca, as ferramentas empregadas polos distintos profesionais do mar, útiles de cestería, vestimenta e calzado, partes de barcos afundidos e embarcacións tradicionais. No patrimonio inmaterial inclúense cuestións como as festas –populares, gastronómicas e relixiosas–, a tradición oral e o folclore a través de adiviñas, cancións, contos, lendas, refráns ou léxico marítimo, a cociña mariñeira, as mostras de arte, a iconografía mariñeira, os museos ou os propios oficios do mar.

O documento encargado pola Xunta e que agora se vai desenvolver tamén fai unha análise das fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas para o patrimonio marítimo de Galicia e destaca, entre outras, cuestións positivas como a existencia de abundante patrimonio somerxido, de artes de pesca tradicionais sustentables, dun gran número de museos do mar e de moitos oficios tradicionais que aínda persisten.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA REFORZARÁ O VINDEIRO ANO AS AXUDAS PARA FACILITAR O ACCESO Á VIVENDA E A SÚA REHABILITACIÓN CUN ORZAMENTO AMPLIABLE DE 56 M€**

- Resalta que Galicia xa ten unha das “políticas de vivenda máis ambiciosas” do país e que o obxectivo é facer “máis sinxelo e doado” o acceso da cidadanía a un fogar
- Como novidade, as axudas ao alugueiro refórzanse para cubrir ata o 60 % da renda mensual de colectivos con dificultades para acceder a un fogar, como os emigrantes retornados e as persoas que leven inscritas un ano ou máis no Rexistro de Demandantes do IGVS, familias monoparentais e numerosas e menores de 36 anos
- Tamén se lanzará unha nova liña dentro das axudas a promotores públicos e privados para construír ou rehabilitar vivendas destinadas a alugueiro, con opción de compra, durante un período mínimo de 15 anos
- Baixarase ao 6% o Imposto de Transmisións Patrimoniais no caso de mercar unha vivenda que se vaia rehabilitar de forma inmediata e ao 4% se están en municipios con baixa densidade de poboación
- A vicepresidenta segunda resalta os incentivos que pon en marcha a Xunta para incrementar o parque público residencial dispoñible en Galicia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta reforza a súa política de vivenda con tres novas medidas para facer “máis sinxelo e doado” o acceso da cidadanía a un fogar e para impulsar a rehabilitación de inmobles na comunidade. “Haberá incentivos para os promotores que constrúan vivenda para destinar a alugueiro accesible, reformaranse as axudas ao alugueiro para facelas progresivas, en función da renda, e haberá unha nova rebaixa fiscal”, resaltou.

Estas novas medidas enmárcanse no compromiso da Xunta con impulsar vivenda pública e mellorar o acceso a un fogar. “Galicia é a comunidade coa política de vivenda máis ambiciosa”, indicou o presidente, que lembrou que desde 2009 “preto de 5.000 persoas accederon a unha vivenda de promoción pública” e que o Goberno galego está a traballar para “impulsar 1.900 novos fogares de alugueiro e 3.000 de promotores privados”. O obxectivo máis inmediato da Xunta é “incrementar nun 50% o parque galego de vivenda público”, o que implicará un investimento de 250 millóns de euros.

O Consello tomou hoxe razón dun informe da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre o catálogo de axudas que se convocarán o vindeiro ano neste eido. Tal e como explicou a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, “a Xunta mobilizará o ano que vén un orzamento ampliable de 56 millóns de euros”, a través dunha vintena de liñas de axudas e programas co obxectivo común de facilitar o acceso á vivenda, en réxime de compra ou de alugueiro, e apoiar a particulares, comunidades de propietarios e concellos na rehabilitación de inmobles e edificios de uso residencial.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto e co fin de facilitar e garantir o acceso da cidadanía á súa vivenda habitual, está previsto apostar por una decena de programas para compra e alugueiro dotados en total de 44,42 millóns de euros.

Ademais e para seguir apostando pola rehabilitación do patrimonio residencial xa construído, tamén se convocarán outras liñas de subvención, dotadas para o ano que vén de 12,1 millóns de euros, unha partida que previsiblemente será moito maior, xa que polo momento se descoñece o importe que se asignará ás axudas para a rehabilitación enerxética financiadas con cargo ao NextGenerationUE, debido a que o Ministerio aínda non fixo a nova repartición dos fondos europeos entre as comunidades autónomas.

Partindo destas dotacións iniciais, a previsión do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) é que se poidan conceder ao redor de 6.100 axudas para a compra ou o arrendamento da vivenda habitual e, no eido da rehabilitación, considérase que as distintas ordes de subvencións permitan financiar a recuperación de, como mínimo, 2.100 inmobles, aos cales hai que sumar outros 16.000 máis nos cales vai actuar grazas ás axudas para a mellora da eficiencia enerxética que se están a resolver nestes momentos (convocatoria de 2023).

En materia de acceso á vivenda en réxime de alugueiro, cómpre subliñar a introdución por parte da Xunta dunha serie de novidades na orde de axudas directas para inquilinos. Grazas á incorporación de fondos propios da Comunidade para o seu financiamento, a convocatoria de 2024 sairá por 20 millóns de euros –10 millóns para o vindeiro exercicio e 10 millóns para 2025–.

Esta dotación permitirá chegar a un maior número de persoas (estímase que serán ao redor de 3.600 beneficiarios) pero, ademais, tamén se introducirán cambios substanciais nos criterios da futura orde que permitirán cubrir en determinados supostos “o 60 % do importe da renda mensual do alugueiro”, explicou a conselleira, cando ata o de agora a subvención era do 50 %.

Para tal fin e como novidade, incrementarase en 10 puntos a porcentaxe da axuda que lle correspondería en función dos seus ingresos cando a persoa solicitante pertenza a algún dos seguintes colectivos, tendo en conta as dificultades que adoitan ter á hora de acceder a un fogar: os menores de 36 anos, as familias numerosas e as monoparentais, os emigrantes retornados e todas as persoas que leven 1 ano ou máis inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida do IGVS.

Estas novidades no programa de axudas ao alugamento de vivendas permitirán que o seu funcionamento sexa “máis xusto e en función das necesidades” dos demandantes, indicou Vázquez, xa que se terán en conta tanto os ingresos como as circunstancias persoais e familiares dos solicitantes en lugar de facer unha repartición lineal.

### **Incentivos a promotores e axudas á rehabilitación**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A vicepresidenta segunda asegurou que a Xunta é consciente de que “se precisa máis vivenda” na comunidade e por iso tamén hai incentivos para a construción e rehabilitación.

No marco do programa para promotores que impulsen vivendas destinadas ao alugueiro, aloxamentos temporais e tipo covivenda (*cohousing*), convocado o ano pasado por primeira vez en Galicia, en 2024 publicarase unha nova convocatoria por 8,2 millóns de euros, que terá unha liña específica para promover inmobles destinados a alugueiro. Como novidade, introduce que as vivendas se deberán destinar a arrendamento durante un período mínimo de 15 anos, fronte aos 20 anos que se exixían con anterioridade.

O importe estimado desta axuda será de 36.000 euros por vivenda e a contía elevarase ata os 42.000 euros en caso de que se lle dea opción de compra á persoa inquilina. A finalidade destes novos incentivos é animar os promotores públicos e privados a construír inmobles que contribúan a reforzar o parque residencial en alugamento.

Así mesmo, para apoiar a cidadanía na compra da súa vivenda habitual, con especial atención á mocidade, convocaranse tamén subvencións para a adquisición de vivendas en centros históricos (0,5 millóns de euros), de inmobles protexidos (1,05 millóns) e en municipios de menos de 10.000 habitantes (1,9 millóns), dirixida neste último caso, en exclusiva, a menores de 35 anos.

Ademais, manterase a liña de avais públicos da Xunta por un importe de ata 5 millóns de euros para apoiar a mocidade galega na compra da súa primeira vivenda.

No eido da rehabilitación, convocaranse de novo programas xa consolidados e de éxito como, por exemplo, as axudas destinadas a apoiar actuacións que melloren a accesibilidade tanto dentro das propias vivendas como no seu exterior, unha liña que en 2024 contará con 9,52 millóns de euros; ou as subvencións para rehabilitar vivendas de promoción pública, cunha dotación prevista de 1 millón de euros.

Ademais, por terceiro ano consecutivo, está previsto que se convoquen en Galicia os programas a nivel de edificio, a nivel de vivenda, a nivel de barrios e para a redacción de proxectos e do libro do edificio, todos eles financiados con fondos europeos e que teñen como finalidade común axudar os particulares e as comunidades de veciños a mellorar a eficiencia e o confort dos seus fogares pola vía da rehabilitación enerxética.

O IGVS está á espera de que o Goberno central convoque as comunidades autónomas á conferencia sectorial en que se decidirá a nova repartición dos fondos europeos correspondentes á anualidade 2024, para poder concretar o importe polo cal se fará cada unha das novas convocatorias.

En todo caso, cómpre lembrar que Galicia foi unha das poucas comunidades que incorporou ás convocatorias que realizou en 2023 todos os fondos dispoñibles nese momento, para os efectos de facilitar a maior execución posible por parte dos particulares, xa que as actuacións subvencionadas con cargo ás axudas que están

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actualmente en fase de resolución se executarán, na súa maior parte, o ano que vén e os seguintes.

### **Rebaixa fiscal**

E outra das novidades, tal e como explicaron o presidente da Xunta e a vicepresidenta segunda, é a baixada do Imposto de Trasmisión Patrimonial para a adquisición de inmobles que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación e que teñan ao rematar o uso de vivenda: o tipo xeral do 8% pasará a ser do 6%; e o tipo reducido do 6% que xa existe para vivendas que se atopen en zonas consideradas pouco poboadas (ZPP) pasará a ser do 4%.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACORDA SOLICITARLLE AO GOBERNO DE ESPAÑA A LIBERACIÓN DA PEAXE DA AP-53 PARA UNIFICAR A CONEXIÓN SANTIAGO-OURENSE**

- Rueda resalta que o obxectivo é que os cidadáns poidan desprazarse por autoestrada entre ambas cidades totalmente de balde
- Na actualidade é gratuito o tramo autonómico entre Dozón e Ourense pero hai peaxe na autovía estatal que une Santiago e Dozón
- O presidente sinala que o esforzo orzamentario anual preciso para converter a autoestrada estatal en gratuíta para os usuarios é similar ao que realiza o Goberno galego para manter o treito autonómico libre de pagamento
- A situación actual é un desequilibrio económico que ten como consecuencia que o treito estatal de pagamento teña un tráfico moi inferior ao do treito autonómico e gratuito, o que supón o desaproveitamento da infraestrutura
- Se todo o eixe fose libre de peaxe, aumentarían a calidade de vida das persoas que viven a carón da N-525 e a seguridade viaria e diminuirían os tempos dos traxectos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou “solicitarlle ao Goberno de España” a liberación da peaxe da AP-53 -que une Santiago e Dozón- para igualala coa autoestrada autonómica que chega a Ourense. “O que queremos é que toda a viaxe por autoestrada entre Santiago e Ourense poida facerse sen custe para os usuarios”, destacou.

O informe avaliado hoxe no Consello describe as desvantaxes do actual sistema, cun dobre modelo de pagamento: o da AP-53, como unha autoestrada estatal de pago entre Santiago e O Alto de Santo Domingo (Dozón); e o da AG-53, como unha autovía autonómica libre de peaxe para o usuario entre O Alto de Santo Domingo e Ourense.

Tal e como explicou o presidente, neste informe se conclúe que o esforzo orzamentario anual preciso para que o Goberno de España libere a peaxe da AP-53 é similar ao que vén realizando a Xunta para manter o treito Dozón-Ourense como unha vía libre de peaxe. O Goberno galego reserva 9,27 millóns de euros dos orzamentos de 2024 para pagar os peaxes da autoestrada autonómica AG-53, segundo indicou Rueda, quen explicou que aplicar esta mesma medida na AP-53, custaríalle ao Executivo central uns 10,5 millóns de euros. “Non lle pedimos máis esforzo que o que xa fan as arcas autonómicas”, indicou.

O Goberno galego, tras avaliar neste informe indicadores económicos, de tráfico e de seguridade viaria, propón unha renovación dos acordos asinados co Goberno central nos anos 1997 e 2002 para que se optimice o aproveitamento da infraestrutura, para liberar a peaxe da AP-53.

O eixe Santiago-Ourense foi completado e leva case 15 anos en servizo grazas á vontade da Xunta, xa que a planificación do Goberno central adiaba a súa execución, especialmente no treito Alto de Santo Domingo-A-52.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Executivo autonómico contribuíu á viabilidade da concesión da AP-53, coa achega dunha subvención de 60 M€. A isto súmase o esforzo anual que realiza para manter a gratuidade para o usuario do treito autonómico, a AG-53.

Cómpre ter en conta que a autoestrada estatal AP-53, ademais das tarifas máis caras neste tipo de infraestrutura en Galicia, conta cun prazo concesional ata o 13 de novembro de 2074, polo que se configura como a autoestrada de peaxe en España que máis tarde reverterá á Administración.

O dobre modelo de pagamento tamén provoca un desequilibrio na captación de tráfico da estrada nacional alternativa, pois é moito máis baixa no treito estatal de pagamento, menor ou igual ao 50%, con respecto ao treito autonómico libre de peaxe, ao redor do 90 %.

Esta situación está a implicar o desaproveitamento da AP-53 como infraestrutura viaria. Porén, tal como expón o documento hoxe analizado, se todo o eixe fose libre de peaxe, aumentaría a calidade de vida das persoas que viven a carón da estrada N-525, reforzaríase a seguridade viaria e diminuírían os tempos dos traxectos.

O informe puntualiza que a implantación na autoestrada AP-53 dun modelo de bonificacións como o da AP-9 suporía un alivio para a economía dos usuarios desta infraestrutura, tal como xa reivindicara a Xunta, pero non permitiría superar o desequilibrio e a ineficacia derivados do dobre modelo de pagamento.

Cómpre lembrar que no ano 2019 a Xunta propúxolle ao Goberno a habilitación destes mesmos descontos, e trasladou incluso un estudo de viabilidade que estimaba en 3,2 M€ ao ano o orzamento estatal para financiar esta medida. Porén, esta opción non foi considerada polo Ministerio de Transportes cando foi solicitada pola Xunta, pero si foi recollida recentemente no Pacto de investidura do presidente do Goberno.

A pesar do aforro económico que estas bonificacións na AP-53 suporían para os usuarios, o informe subliña que non se resolverían problemas como a seguridade viaria na área pola cal se desenvolve e que se seguiría mantendo un dobre modelo de pagamento, ineficaz para un só eixe.

Neste sentido, o documento expón que os descontos económicos da AP-9 non tiveron efecto beneficioso nin na seguridade viaria das estradas convencionais nin nas molestias polo tráfico nas travesías.

Avaliadas todas estas circunstancias, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á proposta para constituír un eixe único libre de peaxe na autoestrada Santiago-Ourense.